



Servizo de Persoal Docente e
Investigador

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Reitoría
Rúa Maestranza, 9
15001 A Coruña
Tel.: 981 167 000
Fax: 981 167 012 Ext.: 1068

Por resolución reitoral do pasado día 18 de setembro publicouse a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos á praza número 15/4001 convocada a concurso de méritos por resolución reitoral do 24 de xullo de 2015.

Na dita resolución do 18 de setembro, facíase pública igualmente a composición da comisión de selección encargada de xulgar o concurso para a provisión desta praza (anexo II). Entre os membros da comisión designábase ao profesor D. Jaime Francisco Rodríguez-Arana Muñoz, no cargo de secretario da mesma dada a súa condición de director do departamento de Dereito Público Especial.

O 24 de setembro recibíuse a comunicación de D. José Manuel Busto Lago, decano da Facultade de Dereito e presidente da comisión da mencionada praza, na que informa da imposibilidade de D. Jaime Francisco Rodríguez-Arana Muñoz de formar parte da comisión.

Polo sinalado anteriormente e de acordo co establecido no apartado 6.5 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014, **resolvo** nomear ao profesor D. Jesús Martínez Girón, que é o profesor do departamento, de maior categoría e antigüidade, como secretario da comisión de selección da praza 15/4001 en substitución de D. Jaime Francisco Rodríguez-Arana.

A Coruña 24 de setembro de 2015

O reitor

Xosé Luís Armesto Barbeito